



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13.07.2017 ata o 16.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 14.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que a Federación de Redeiras Artesás “O Peirao” vai levar a cabo una campaña por distintos portos de Galicia co fin de informar e concienciar da importancia da actividade da redeira como parte fundamental das actividades do mar.

Co nome de “*Enrólate coas redeiras*” vanse desenvolver unhas xornadas de traballo nos portos de A Coruña (Lorbé e Porto do Son), Pontevedra (O Grove e Portonovo) e Lugo (Burela) .

Os obxectivos son: promover a actividade de redeira para fomentar o relevo xeracional, fomentar o asociacionismo entre mulleres como modelo de empoderamento, visibilizar o traballo da muller no ámbito do mar, fomentar a inclusión social de colectivos de mulleres paradas de longa duración, entre outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplado no Texto



Refundido da Lei de Contrato do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

